



VIAXE TÉCNICO PROFESIONAL A FRANCIA PERCORRIDO POR LA VANDEÉ

Pasados os días 1 e 2, metidos xa na primeira semana completa do próximo mes de marzo terá lugar a habitual viaxe do grupo da EFA Fonteboas á rexión de La Vandée (Francia) para comprobar sobre o terreo os avances na actividade agropecuaria que se rexistran no país veciño, e nunha zona bastante similar dende os puntos de vista climático e agropecuario coa nosa.

Están previstas actividades do máis variado, sen esquecer as sociais e as gastronómicas, empezando o luns 03 pola mañá coa visita a unha granxa onde se exporá a organización dunha explotación gandeira autónoma e, pola tarde, noutra, se verá o funcionamento dun robot de muxidura.

Para o martes 04 resérvase a visita, coa conseguinte explicación, a unha CUMA (Cooperativa de Utilización de Maquinaria Agrícola). E no mércores 05 alternarase o percorrido por unha cooperativa de patacas, coa súa propia CUMA, e pola tarde reunións nas que se falará das iniciativas de diversificación de actividades no medio rural, e noutra, con responsables de profesións agrarias.

O programa do xoves 05 prevé a vista a unha empresa de maquinaria agropecuaria das empresa Lucas e Kühn, deixando para o venres 07, o último día de actividades, visitas a dúas explotacións máis, unha de gando vacún e outra de porcino.

RECORDOS

ENTRE AS VACAS E O FÚTBOL

Imaxinan a Iniesta nas filas do Depor? Seguro que de contar cun xogador así non estaría agora tan mal clasificado o equipo herculino. Pero non podo ser, e ademais trátase dunha suposición.

A verdade é que **José Manuel Liste Liñares** (Morlán, Trazo, 1984) parécese fisicamente algo a Iniesta, e ademais di que o seu xogo no Trazo F.C., en 3ª rexional, parécese bastante ao do medio punta barcelonista. Pero tivo que decidirse, e José Manuel optou polo campo, que é o seu, o dos seus pais, e o que el mellor coñece e para o que se preparou, aínda que se tivese a oportunidade de residir de cativo na "Masía" del Barça outro galo, quizais, lle cantaríaa.

Casualidad foi que o centro de FP ao que se apuntara inicialmente José Manuel non chegou a impartir o curso de explotacións agrarias porque só había 3 alumnos. Grazas ao consello de Juan José Freire, antigo alumno da EFA que asesoraba na explotación gandeira á familia de José Manuel, o rapaz con 21 anos veuse para Fonteboas, e aquí rematou os seus estudos. E aquí deixou pegada da súa seriedade, do seu manexo seguro do Escort co que se desprazaba todos os días dende Trazo e, por descontado, do ben que xogaba ao fútbol.



Aínda recorda que ao chegar á EFA o atendeu Juan Antonio; que se incorporou co curso 05-06 xa iniciado; que no seu primeiro día de clases tivo que facer fronte a un exame de Física, con Constante, e que sacou un 10; que á parte de Constante, outro titor seu foi Manuel Verdes, etc.

"Aquí preocúpense por ti"

José Manuel destaca, máis que nada a relación cos profesores e monitores da EFA. O, que veu xa maior e tiña experiencias, compara co trato que recibido noutros centros escolares, e nota a diferenza. "-Aquí preocúpense de ti". José Manuel rememora que despois de darche as clases, os profesores non desaparecen ou son inabordables, senón que na EFA telos ao lado e interézanse por ti.

Ten admiración polo profesorado, pero el de vai incapaz de dar clases: "Eu non aguantaría", di. E iso que non tivo grandes problemas nin viviu momentos conflituos, ou polo menos non os quere recordar.

Se recorda que unha vez para quitar de diante, comprou outra marca de tabaco ao compañeiro que lle encargaba que lle comprase cigarros, e así xa non volveu recorrer a el.

De chofer nunha CUME

Organiza o seu tempo para atender a explotación gandeira familiar, para conducir polas mañás de 7:30 a 10:30, en días alternos, un carro autopropulsado para alimentación de gando nas explotacións de 11 dos 22 socios da CUME "Os pequeniños", para xogar ao fulbito no poli-

deportivo de Trazo os luns, e para asistir aos adestramentos do Trazo F.C. os martes e venres de 21 a 23:30. E aínda sabe resgar minutos para ir a un cibercafé a consultar internet e para atenderme nesta entrevista. A vai este rapaz, por agora sen noiva, sabe organizarse. Chevi ECHEVARRIA

CARTA DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE EFAS PROPÓSITOS PARA CUMPLILOS

Qué barbaridade, qué rápido pasa o tempo!. Xa subimos a costa de xaneiro e estamos dispostos a afrontar a de febreiro, que ademais nos vén con bautizo. Porque neste febreiro nace "PIÑEIRAL", co seu número 1, simultáneo co 14 do "Baúl" dos rapaces de Fonteboas.

Felicidades ás rapazas de Piñeiral pola súa nova revista e felicidades a eles pola madurez alcanzada e que co seu estímulo facilitou que a grande familia dos antigos alumnos das Efás mellore a súa comunicación.

As palabras felicidade, estímulo e familia, que salguen espontaneamente ás falar das Efás, únense ao "nacemento" no seu contexto máis xeral. Nacer é empezar, é abrirse ao futuro, é algo positivo, que suma, que engade, pero que o fai dando felicidade, xerando ilusión, que fai máis grande a familia, ese ámbito no que se che ama por quen es e non polo que es ou o que tes. Ese ámbito no que non poden existir o cálculo, o interese, o egoísmo, a traición, etc. por que cando aparecen, xa non é familia, é outra cousa ou peor; xa non é nada.

A familia é tan importante, que quen quere destruír unha sociedade e crear unha diferente, os seus máis enconados esforzos os dedica a destruír a familia. Así, a sociedade privada da súa célula fundamental é manipulable, adulterable, convertíble en calquera cousa morta, xa que sen familia non hai vida, non pode habela. De aí, que cando un se sente a gusto nunha comunidade, asocia a "ser unha gran familia", como a expresión máis positiva e satisfactoria.

De aí tamén, que cando un novo ser loita por nacer, vencendo as grandes dificultades que ás veces se presentan, o corazón que non se conmove, é que xa non pertence a unha persoa, talvez nin a unha fera. Que duro é asumir que o último neto que me chegou, que conseguirá vivir aínda que teña menos de sete meses, é máis pequeno e inmaturo que tantos que hoxe "están sendo abortados" por non ter familia.

Gabriel TIRAPU

AXENDA


AXE

- Mércores 13.02 Xuntanza en Olbeira de AXE (Agrupación de Xestión de Explotacións) e recollida de datos económicos. Charla sobre a importancia do zurro na fertilización.
- Mércores 20.02 Na Cooperativa Provincial de Ordes, charla sobre a importancia económica do zurro na fertilización.
- Mércores 27.02 En Muxía, xuntanza e recollida de datos económicos. Charla sobre a importancia do zurro na fertilización.

HIXIENE GANDEIRA

- Xoves 27.03 Charla e demostración na EFA a cargo de Hypred Ibérica (empresa de hixiene animal) para alumnos de FP e para gandeiros novos. De 12 a 14:00, sesión teórica: "Limpeza e hixiene en instalacións gandeiras de vacún de leite".
- Venres 28.03 Continuación do anterior, con sesión teórico-práctica en corte -a explotación concretarase o día antes- de 10 a 12:00: "Análise de puntos críticos".

BIBLIOTECA



SOBOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA *

Este libro aborda os principios da agricultura ecolóxica e ás súas bases científicas, deixando claro que iste xeito de agricultura e baseada na confianza nos procesos biolóxicos e non manexo das interaccións ecolóxicas, mais que non emprego de controis directos. Tamén trata extensamente ou manexo ecolóxico do gando.

Na segunda parte do libro examina ás prácticas de agricultura ecolóxica, con especial atención ou mercado dous alimentos producidos ecolóxicamente e os seus beneficios. Non capítulo final revísanse ás evidencias que existen sobre a calidade do alimento e ou impacto ambiental da agricultura ecolóxica xunto con outros temas.

Esperemos que nos dea ideas para poñer ou noso grande de area nos efectos que provocan ou descontrol das prácticas dalgún persoaxe que anda solto. Amancio LAVANDEIRA

* A Agricultura ecolóxica vai tendo cada vez mais importancia no rural galego. Calcúlase que actualmente hai case 11.000 hectáreas, mais da metade da provincia de Lugo, que son cultivadas de xeito natural. A superficie de agricultura ecolóxica medrou un 14% no último ano en Galicia. Existe un Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica (Craega). <http://www.craega.es/>

ASEMBLEA DA ASOCIACIÓN

O venres 29 de febreiro, ás 5 da tarde, terá lugar o acto social no que se celebra a asemblea anual que marcan os estatutos da nosa Asociación, onde se indica que ha de celebrarse dentro do primeiro semestre do ano en curso. Nesta Asemblea está previsto:

- Lectura da memoria das actividades realizadas no ano 2007.
- Exposición da memoria económica.
- Altas e baixas no Comité Xestor da Asociación.
- Plan de traballo para 2008.
- Presuposto para o ano en curso.
- Rogos e preguntas.

Convocados os socios da Asociación, trataranse estes temas de acordo cos estatutos. É unha oportunidade para participar e contribuír con suxestións e ofrecementos ao dinamismo da Asociación, cuyo Comité Xestor recordamos, integrado por un bloque entre 11 a 18 membros, está presidida por Xusto Sánchez actuando Esteban Lema como vicepresidente.

NOS ESCRIBEN

"Non lee, pero escoita"

Transcribo un intercambio de mensaxes respetando a sinatura e todo, pois solicitei autorización para publicalos, e me foi concedida. Penso que o que aquí se expón non só val como argucia en casos similares, senón que o relatado é todo un exemplo de como se complementa unha familia.

Primeira mensaxe recibida

Estimado Chevi; recibe o meu sincero parabén polo esforzo que facedes todos os meses en sacar o boletín dos antigos da EFA, eu mo leo sempre e logo llo transmito ao antigo alumno ao que llo envías (Antonio Pensado), porque como supoño que saberás a este antigo o de ler lle ía moi pouco e nese aspecto pouco cambiou, o que é aos libros tenlle pavor. Pero ten a grande sorte de que o que escoita o memoriza moi ben; así que eu me encargo de comentarlle cada mes os temas do "Baúl".

Recibe un atento saúdo, parabén e a seguir. Mabel Busto.

Contestación e súplica

Por favor, permíteme utilizar a túa resposta no próximo número. É unha auténtica xoia, e a máis dun -aparte do teu marido- viralles ao pelo. Por favor, dime que si. Un saúdo, Chevi Echevarría.

Resposta afirmativa

Non hai problema, cedo os "dereitos de autor" nese e-mail, dálles caña a estes antigos. Un saúdo. Mabel Busto.

Recomendados

Para todos aqueles que vos manexades por internet, seguimos nesta sección facilitando enderezos electrónicos de páxinas web interesantes.

www.agrodigital.com: Boletín informativo da actualidade agropecuaria a nivel autonómico e nacional.

www.iiof.es: Todo o relacionado con Orientación Familiar que axuda ás familias no seu papel educador.

www.ainfogra.com: Software Libre de Xestión Agrogandeira

www.feplac.com: Asociación para a defensa dos intereses dos gandeiros produtores de leite

